



DATOS IDENTIFICATIVOS

Artes afíns

Materia	Artes afíns			
Código	P01G010V01801			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Escultura Pintura			
Coordinador/a	Caamaño Fernández, Rosa Elvira			
Profesorado	Barcia Rodríguez, Ignacio Fernando Caamaño Fernández, Rosa Elvira			
Correo-e	rosaelviraca@telefonica.net			
Web				
Descrición xeral	Percorrido de aproximación ás manifestacións da cultura e a creación contemporáneas (música, artes escénicas, literatura, cine,...) que, pola súa herdanza artística ou pola súa proximidade conceptual e estética, manteñen vínculos coas disciplinas impartidas na titulación.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
A24	Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno
A45	Habilidade para comunicar e difundir proxectos artísticos
A47	Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación
B1	Capacidade de xestión da información.
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B7	Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos
B12	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecementos básicos das manifestacións artísticas contemporáneas en disciplinas afíns.	A1 A5

Coñecementos históricos básicos sobre artes escénicas e música.	A1 A8	
Coñecementos históricos das afinidades entre disciplinas artísticas distintas.	A1 A2 A8	
Capacidade de entender as artes plásticas na súa relación con outras manifestacións artísticas.	A2 A21 A33	
Capacidade para comprender os vínculos das artes plásticas con disciplinas afíns.	A2 A33 A35	
Capacidade para a apreciación crítica de manifestacións artísticas de ámbitos distintos.	A2 A25 A33	B1 B7 B12 B15
Habilidade para relacionar sensibilidades creativas en diferentes ámbitos artísticos.	A47	B7
Habilidade para integrar a creación en artes plásticas en ámbitos artísticos multidisciplinares.	A33 A47	B6
Habilidade para establecer discursos críticos acerca da creación e a cultura contemporáneas.	A23 A24 A45	B1 B3

Contidos

Tema	
Aproximacións á música.	A materia sonora. As vanguardias e a música. Relacións e sinerxias entre as artes plásticas e a música na contemporaneidade.
Aproximacións á literatura.	Reacción contra o academicismo e o clasicismo na literatura do século XIX. Movementos literarios do século XX, antes e despois da II Guerra Mundial. As 1ª vangardas: cubismo, futurismo, dadaísmo, expresionismo, surrealismo, ... Postguerra: existencialismo francés, realismo soviético, teatro do absurdo, neorrealismo, ...
Aproximación ao cine	Cine: Antecedentes, os pioneiros, cine mudo, cine sonoro. Antes e despois da Guerra, influencia da literatura e a arte no cine.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	32	52
Actividades introdutorias	1	0	1
Traballos tutelados	0	15	15
Seminarios	0	32	32
Eventos docentes e/ou divulgativos	0	16	16
Debates	2	0	2
Traballos de aula	8	24	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado, dos contidos da materia e directrices dos traballos que desenvolverá o alumnado.
Actividades introdutorias	Presentación da materia. Probas de nivel e de coñecementos xerais sobre a temática da materia.
Traballos tutelados	Elaboración de memorias e resumos relativos ás actividades desenvolvidas nos seminarios, eventos e noutro tipo de actividades autónomas (visita a exposicións, asistencia a espectáculos de teatro e danza, concertos...).
Seminarios	Actividades complementarias ás clases teóricas (visionado de películas, audicións de música...) enfocadas a afondar nos contidos da materia.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias e exposicións realizados por poñentes de prestixio, enfocadas a afondar e complementar os contidos da materia.
Debates	Charlas abertas entre o alumnado relativas aos contidos da materia e aos resultados expostos polos grupos de alumnos

Traballos de aula	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do docente, podendo estar vinculados ás actividades autónomas do estudante.
-------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Orientación, apoio e seguimento, por parte do profesorado, para a realización dos traballos e probas propostas. Esta actividade desenvolveráse de forma individualizada ou en pequenos grupos, de forma presencial e non presencial. TITORÍAS: As titorías se realizarán nos despacho de cada docente. Horarios: Ignacio Barcia Rodríguez: Venres, de 9:30 a 10:3h. Rosa Elvira Caamaño Fernández: Lúns de 12:30 a 14:30 h. e de 19:30 a 21:30. Martes de 15:30 a 19:30 h.
Traballos de aula	Orientación, apoio e seguimento, por parte do profesorado, para a realización dos traballos e probas propostas. Esta actividade desenvolveráse de forma individualizada ou en pequenos grupos, de forma presencial e non presencial. TITORÍAS: As titorías se realizarán nos despacho de cada docente. Horarios: Ignacio Barcia Rodríguez: Venres, de 9:30 a 10:3h. Rosa Elvira Caamaño Fernández: Lúns de 12:30 a 14:30 h. e de 19:30 a 21:30. Martes de 15:30 a 19:30 h.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase: - Asistencia ás clases e puntualidade. - Participación no desenvolvemento da clase.	10
Traballos tutelados	Valorarase: - Comprensión, asimilación e aplicación dos contidos da materia. - Complexidade e profundidade de análise. - Orixinalidade do enfoque e achegas persoais á análise. - Claridade da análise e da redacción. - Calidade da redacción e uso do léxico. -Cumprimento na data de entrega.	60
Debates	Valorarase: -Participación nos debates. -Achegas e enfoques persoais. -Capacidade analítica, crítica e argumentativa.	5
Traballos de aula	Valorarase: - Asimilación e aplicación dos contidos impartidos no aula. - Interese do traballo e a súa adecuación á proposta. - Orixinalidade do enfoque. - Implicación no exercicio. - No seu caso, cumprimento na data de entrega.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continúa. A asistencia sistemática ás actividades programadas, a implicación e a participación son factores imprescindibles para a consecución dos obxectivos da materia.

Para a mellora e a recuperación na aprendizaxe, é necesario que o/a alumno/a adquira solvencia teórica formulándolle dúbidas ao profesorado, participando nos debates desenvolvidos na aula, consultando a bibliografía recomendada, estudando o material subministrado, etc. Tamén é preciso que efectúe unha revisión crítica dos traballos e proxectos realizados e que incremente o seu coñecemento práctico mediante a asistencia ás manifestacións culturais dos eidos do cinema, a danza, o teatro, a música, a arquitectura e o deseño.

SEGUNDA CONVOCATORIA: Indicarase a cada estudante aqueles traballos que debe presentar ou completar e/ou se ten que realizar algunha proba de avaliación específica. A data tope para entrega de traballos desta convocatoria será o 8 de xullo de 2015 ás 10h. No caso de ter que realizarse unha proba específica na segunda convocatoria ésta terá lugar o mesma data e hora..

Bibliografía. Fontes de información

Aumont, Jacques, **Estética del cine**, Paidós,
 Brook, Peter, **El espacio vacío**, Península,
 Byrne, David, **Cómo funciona la música**, Reservoir Books,
 Calmet, Héctor, **Escenografía**, Ediciones la Flor,

De Riquer, Martín y Valverde, José M^a, **Historia de la literatura universal**, Planeta,
DeLillo, Don, **Contrapunto**, Seix Barral,
Domínguez, César, **Literatura europea comparada**, Arco Libros,
Fernandez-Galiano, Luis, **El fuego y la memoria**, Alianza forma,
Gimferrer, Pere, **Cine y literatura**, Seix Barral,
Goldberg, Roselee, **Performance Art: desde el futurismo hasta el presente**, Destino,
Gómez Molina, J.J. (Coord.), **La representación de la representación. Danza, teatro, cine, música**, Cátedra,
Gubern, Román, **Historia del cine**, Editorial Lumen,
Llovet, Jordi, **Lecciones de literatura universal**, Cátedra,
Martín Gutiérrez, Gregorio, **Cineastas frente al espejo**, T&B Editores,
Morgan, Robert P., **La música del siglo XX. Una historia del estilo musical en la Europa y la América modernas**, Ediciones Akal,
Oliva, César y Torres Monreal, Francisco, **Historia básica del Arte Escénico**, Cátedra,
Ramos, Francisco, **La música del siglo XX**, Turner,
Ross, Alex, **El ruido eterno. Escuchar al siglo XX a través de su música**, Seix Barral,
Ruiz de Azúa, Martín, **Objetar, memoria y creación**, Actar Editorial (Font i Prat Associats, S. L.),
Tarkovski, Andrei, **Esculpir el tiempo**, Ed. Rialp,
UBUWEB, <http://www.ubuweb.com/>,

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101

Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Arte e contemporaneidade/P01G010V01601

Outros comentarios

Para acadar as competencias relativas a esta materia, recoméndase que o/a alumno/a conxugue ao máximo a análise teórica coa experiencia práctica, poñéndose en estreito contacto co campo cultural, é dicir, visitando espazos, institucións culturais e exposicións; asistindo a conferencias e eventos de música, danza, teatro, cinema, arquitectura e deseño; consultando catálogos, revistas especializadas, medios de comunicación e blogs.